

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA E CIENCIAS
SOCIAIS

CPI P. ANTONIO ORZA COUTO
CURSO 2021-2022

Xefa de Departamento: María Fírvida Fernández

Tabla de contenido

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
LEXISLACIÓN ESTATAL:	5
LEXISLACIÓN AUTONÓMICA:.....	5
2. OBXECTIVOS Educación Secundaria Obrigatoria.....	7
3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	9
4. CONCRECIÓN PARA CADA CURSO DE: ESTÁNDARES-COMPETENCIAS-TEMPORALIZACIÓN-GRAO MÍNIMO- PROCEDIMIENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	16
4.1 XEOGRAFÍA E HISTORIA 1º ESO.....	16
4.2 XEOGRAFÍA E HISTORIA 2º ESO.....	32
4.3 XEOGRAFÍA E HISTORIA 3º ESO	44
4.4 HISTORIA 4º ESO.....	56
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS NA MATERIA.....	71
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	72
7. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE.....	72
8. AVALIACIÓN.....	90
8.1 Deseño da AVALIACIÓN INICIAL e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	90
8.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	91
8.2.1 XEOGRAFÍA E HISTORIA.....	91
8.3 CRITERIOS PARA DETERMINAR A CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA E EXTRAORDINARIA E MATERIAS PENDENTES.	92
8.4 AVALIACIÓN EN CASO DE CONFINAMENTO.....	94
9. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.....	95

10.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	98
11. SAÍDAS E ACTIVIDADES EXTRA-ESCOLARES.....	107
12. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR, TICS E PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.....	107

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O CPI P. Antonio Orza Couto atópase no concello de Boqueixón, situado entre Santiago de Compostela e o val do río Ulla. Ten una superficie de 70 KM e una poboación de 42921 habitantes no ano 2016 cunha tendencia a baixa desde o ano 2009, característica que comparte cos municipios rurais da comarca. A súa estrutura poboacional é a típica dunha área rural, na cal a maioría da poboación é un colectivo de clase media e baixa e ocupada no sector servizos e na agricultura e gandería.

- **Centros adscritos:** EEI de Sergude e EEI de Camporrapado
- **Ensinanzas que oferta o centro:** Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria.
- **Características singulares:** ao tratarse dun CPPI contamos con alumnado desde os 3 aos 16 anos .Asimesmo,temos servizo de transporte e de comedor. Somos un centro plurilingüe (impártase a educación plástica en educación primaria en lingua inglesa), polo que temos auxiliar de conversa .Polas peculiaridades do alumnado e dalgunhas das familias (pouca implicación na educación dos seus fillos) esta programación ha de tentar adaptarse as circunstancias específicas de cada alumno e a ha de ser revisada periódicamente a fin de lograrobxetivos básicos e poder motivar a todo o alumnado, procurando na medida do posible dar atención á diversidade que a temos e moita. A economía das familias vén determinada pola proximidade de Compostela: explotacións gandeiras, agrícolas, forestais e servizos son as principais ocupacións das familias. Podemos falar dun nivel socioeconómico medio e un nivel de formación das familias básico. Ademáis a vida cultural céntrase en boa medida no centro escolar, nas aportacións do concello a través dos centros socioculturais e á proximidade á cidade de Santiago.

No presente curso 2021-2022, a xefatura de departamento recae sobre a especialista na materia, María Fírvida Fernández, quen impartirá a asignatura nos cursos de 2º, 3º e 4º ESO. A docente Lina Mª González López impartirá a materia en 1º ESO como afín. O número de alumnos e grupos queda como segue:

Materia	Nº Alumnos	Grupos	Docente
1ºESO	23	1	Lina Mª González López
2ºESO	31	2	María Fírvida Fernández
3ºESO	26	2	María Fírvida Fernández
4ºESO	24	1	María Fírvida Fernández

A presente programación didáctica foi elaborada tendo en conta o seguinte marco legislativo:

LEXISLACIÓN ESTATAL:

- + Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la Mejora de la Calidad Educativa (**LOMCE**).
- + Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el **currículo básico** de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato.
- + Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las **relaciones** entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato.
- + Orden ECD/1361/2015, de 3 de julio, por la que se establece el currículo de Educación Secundaria Obligatoria y Bachillerato para el ámbito de gestión del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, y se regula su implantación, así como la **evaluación** continua y determinados aspectos organizativos de las etapas.

LEXISLACIÓN AUTONÓMICA:

- + Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o **regulamento orgánico** dos institutos de educación secundaria.
- + Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o **regulamento orgánico** dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.
- + Orden de 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- + Orde do 28 de xuño de 2010, pola que se modifican parcialmente as Ordes do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o **regulamento orgánico** dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinos non universitarios.
- + Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a **atención á diversidade** do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.
- + Orde de 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o **plurilingüismo** no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.
- + Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de **convivencia** e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- + Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o **currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato** na Comunidade Autónoma de Galicia.

- + Orde de 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de **materias de libre configuración autonómica** de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obligatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- + Resolución de RESOLUCIÓN de 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se dictan instrucións no curso académico 2017/18 para a **implantación do currículo** da educación secundaria obligatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- + Orde do ORDEN de 12 de junio de 2017 pola que se aproba o **calendario escolar** para o curso 2017/18 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. OBXECTIVOS Educación Secundaria Obrigatoria

Os obxectivos xerais ou de etapa están definidos no artigo 10 do **Decreto 86/2015, de 25 de xuño**. Ditos obxectivos son:

- a. **Asumir responsablemente os seus deberes**, coñecer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b. **Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo** como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c. **Valorar e respectar a diferenza de sexos** e a igualdade de dereitos entre eles. Rexeitar a discriminación de persoas por razón de sexo ou por circunstancias persoais ou sociais. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d. **Fortalecer as súas capacidades afectivas** en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e. **Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información** para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f. **Concebir o coñecemento científico como un saber integrado** que se estrutura en distintas materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g. **Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación,** o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h. **Comprender e expresar con corrección,** oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo de textos históricos.
- i. **Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras.**
- l) **Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia** propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) **Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas,** respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) **Apreciar a creación artística** e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) **Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia**, participar na súa conservación e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas.

o) **Coñecer e valorar a importancia da lingua galega** como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á lusofonía.

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

En ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

Segundo o Decreto 86/2015 as competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr á realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

En concreto, especifica sete competencias clave: comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias

básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

1.- Competencia en comunicación lingüística.

- Utilizar o vocabulario propio da materia tanto de forma pasiva como activa nas diversas formas de comunicación: oral e escrita.
- Ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.
- Explicar de forma ordenada, razoada e detallada as causas e consecuencias dun tema ou aspectos relacionados coa materia.
- Realizar esquemas, resúmenes e mapas conceptuais dos contidos propios da materia.
- Lectura de imaxes: Interpretar e explicar oralmente e/ou por escrito o significado de fotos, gráficos, mapas...
- Definir con claridade e precisión conceptos propios da materia.
- Argumentar razoadamente opinións sobre feitos xeográficos e/ou históricos.
- Comprender e explicar textos xornalísticos.
- Utilización de linguaxe non sexista fomentando a construción de relacións en termos de igualdade entre homes e mulleres e a eliminación de estereotipos e expresións machistas ou xenófobas.
- Utilizar a comunicación e o diálogo como eixe da resolución pacífica de conflitos.
- Correcta utilización activa e pasiva de topónimos.

2.- Competencia matemática.

- Cálculo de distancias e superficies a partir de escalas gráficas e/ou numéricas.
- Cálculo de porcentaxes (tantos por cento, tantos por mil).
- Realización e interpretación de táboas estatísticas e gráficos.

3.- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.

- Lectura, interpretación e utilización de mapas e planos a diferentes escalas.
- Realización e interpretación de mapas temáticos.

- Localización espacial dos principais accidentes xeográficos, estados, comunidades autónomas e cidades.
- Identificar e formular problemas do mundo actual (cambio climático, fame, pobreza, conflitos bélicos...).
- Localizar, obter, analizar e representar información cualitativa e cuantitativa procedente de fontes diversas (anuarios, atlas, enciclopedias, xornais, internet...).
- Localizar sucesos, feitos e personaxes relevantes no marco espacio-temporal.

4.- Tratamento da información e competencia dixital.

- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.
- Procura, selección, rexistro e tratamento ou análise de información utilizando técnicas e estratexias diversas segundo a fonte e o soporte empregados (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia).
- Dominio de linguaxes específicas básicas (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora).
- Seleccionar, tratar e utilizar a información de forma autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva.
- Actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible.
- Respetar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes.

5.- Competencia social e cidadá:

- Coñecer as características e valores dunha sociedade democrática.
- Exercer activa e responsablemente os dereitos e deberes da cidadanía.
- Saber que os conflitos de valores e intereses forman parte da convivencia e saber resolvelos con actitude construtiva tomando decisión con autonomía.
- Creación progresiva dun sistema de valores propio respectando os principios e valores universais da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a Declaración dos Dereitos da Infancia.

- Saber expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de poñerse no lugar das outras persoas e comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio e tomar decisión nos distintos niveis da vida comunitaria valorando conxuntamente os intereses individuais e os do grupo.
- Valorar as diferenzas e o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular entre homes e mulleres.
- Practicar o diálogo e a negociación para chegar a acordos como forma de resolver os conflitos tanto no ámbito persoal coma no social.
- Amosar un sentimento de cidadanía global compatible coa identidade local.
- Coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas.
- Exercer unha cidadanía activa e integradora que esixe o coñecemento e a comprensión dos valores en que se asentan os estados e as sociedades democráticas, dos seus fundamentos, modos de organización e funcionamento.
- Reflexionar criticamente sobre os conceptos de democracia, liberdade, solidariedade, corresponsabilidade, participación e cidadanía, con particular atención aos dereitos e deberes recoñecidos nas declaracións internacionais, na Constitución española, no Estatuto de Autonomía de Galicia así como na súa aplicación por parte de diversas institucións.
- Amosar un comportamento coherente cos valores democráticos, o que implica dispoñer de habilidades como a toma de conciencia dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións e o control e a autorregulación deles.
- Dispoñer de habilidades para participar activa e plenamente na vida cívica.
- Construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos, liberdades, responsabilidades e deberes cívicos e defender os dereitos dos demais e os propios.
- Comprender a realidade social na que se vive, afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado nos valores e prácticas democráticas.

- Exercer a cidadanía, actuando con criterio propio, contribuíndo á construción da paz e da democracia, e mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas cívicas.

6.- Competencia cultural e artística.

- Coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e considéralas como parte do patrimonio dos pobos.
- Apreciar o feito cultural en xeral e o feito artístico en particular.
- Expresarse e comunicarse a través de fontes, formas e canles de expresión e códigos artísticos.
- Percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.
- Colaborar na elaboración de traballos artísticos colectivos.
- Coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas así como das obras e manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural ao longo do tempo.
- Coñecer e identificar as relacións existentes entre as manifestacións artísticas de cada época e a sociedade na que se producen –mentalidade e posibilidades técnicas da época- ou coa persoa ou colectividade que as crea.
- Coñecer a evolución do pensamento, das correntes estéticas, das modas e dos gustos, así como da importancia representativa, expresiva e comunicativa que os factores estéticos desempeñaron e desempeñan na vida cotiá das persoas e das sociedades.
- Apreciar a creatividade na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos a través de diferentes medios artísticos, como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas ou as diferentes formas das chamadas artes populares.
- Valorar a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural, a importancia do diálogo intercultural e a realización de experiencias artísticas compartidas.
- Cultivar a propia capacidade estética e creadora a nivel individual e colectivo.
- Interese por participar na vida cultural, artística e deportiva

- Contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico tanto da propia comunidade como doutras.

7.- Competencia para aprender a aprender.

- Dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades.
- Adquisición da conciencia das propias capacidades (intelectuais, emocionais, físicas) do proceso e das estratexias necesarias para desenvolvelas, así como do que se pode facer por un mesmo e do que se pode facer coa axuda doutras persoas e recursos.
- Ser consciente do que se sabe e do que cómpre aprender, de como se aprende e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais.
- Coñecer as propias potencialidades e carencias, sacando proveito das primeiras e tendo motivación e vontade para superar as segundas desde unha expectativa de éxito, aumentando progresivamente a seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe.
- Coñecer as capacidades que entran en xogo na aprendizaxe: a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística ou a motivación de logro, entre outras, e obter un rendemento máximo e personalizado delas coas axuda de distintas estratexias e técnicas: de estudo, de observación e rexistro sistemático de feitos e de relacións, de traballo cooperativo e por proxectos, de resolución de problemas, de planificación e de organización de actividades e tempos de forma efectiva ou do coñecemento sobre os diferentes recursos e fontes para a recolla, selección e tratamento da información, incluídos os recursos tecnolóxicos.
- Identificar e manexar a diversidade de respostas posibles ante unha mesma situación ou problema, formularse preguntas, utilizar diversas estratexias e metodoloxías que permitan afrontar a toma de decisións, racional e criticamente, coa información dispoñible.
- Saber obter información –individualmente ou en colaboración– e transformala en coñecemento propio, relacionando e integrando a nova información cos coñecementos previos e coa propia experiencia persoal e sabendo aplicar os novos coñecementos e capacidades en situacións parecidas e contextos diversos.

- Proporse metas alcanzables a curto, medio e longo prazo e cumprilas, elevando os obxectivos de aprendizaxe de forma progresiva e realista
- Ser capaz de autoavaliarse e autorregularse, ter responsabilidade de compromiso persoal, saber administrar o esforzo, aceptar os erros e aprender de e coas demais persoas.
- Ter conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de autoavaliarse e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, todo o cal se desenvolve a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individual como colectivas.

8.- Autonomía e iniciativa persoal.

- Adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.
- Capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos, e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais –no marco de proxectos individuais ou colectivos –responsabilizándose deles, tanto no ámbito persoal coma no social e no laboral.
- Poder transformar as ideas en accións, propoñerse obxectivos e planificar e levar a cabo proxectos, reelaborando as formulacións previas ou elaborando novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica cando é preciso.
- Analizar posibilidades e limitacións, coñecer as fases do desenvolvemento dun proxecto, planificar, tomar decisións, actuar, avaliar o feito e autoavaliarse, extraer conclusións e valorar as posibilidades de mellora.

As competencias serán traballadas e terán a súa **CONCRECIÓN NOS DISTINTOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**, tal e como se manifesta nas seguintes táboas por curso do seguinte apartado.

4. CONCRECION PARA CADA CURSO DE: ESTÁNDARES-COMPETENCIAS- TEMPORALIZACIÓN-GRAO MÍNIMO-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

4.1 XEOGRAFÍA E HISTORIA 1º ESO

- CONCRECIÓN NOS DISTINTOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave						
	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.		X	X	X			
XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.		X	X	X			
XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters.		X	X	X			
XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.		X	X	X			
XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.		X	X	X			
XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.		X	X	X			
XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.		X	X	X			
XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.		X	X	X			
XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.	X	X	X	X			
XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.	X	X	X	X			

XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.		X	X	X			
XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.	X	X	X	X			
XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.		X	X	X			
XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.		X	X	X			
XB1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	X	X	X	X			
XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.					X		X
XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.				X	X		
XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou				X	X		
XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.				X	X		
XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.		X			X		
XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.		X			X		
XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	X				X		
XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.		X			X		
XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da Historia Antiga.		X			X		
XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.		X		X	X		
XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.	X			X	X		
XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.				X	X		
XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".					X		X
XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto	X			X	X		
XHB3.12.1. Diferenza entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).				X	X		

XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.		X		X	X		
XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.	X				X		
XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.	X				X		X
XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.				X	X		X
XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.				X	X		X
XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos.				X	X		
XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.	X			X	X		
XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.				X	X		
XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre.				X	X		
XHB3.18.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre				X	X		
XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.	X			X			X
XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.	X	X		X	X		X
XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma.				X	X		
XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.				X	X		
XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.				X	X	X	X
XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos				X	X		
XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.				X	X		X
XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e					X		X

RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES COAS COMPETENCIAS BÁSICAS	13	22	15	37	33	-	10
--	-----------	-----------	-----------	-----------	-----------	----------	-----------

Estratexias para valorala:

- Seguimento das actividades de clase/casa.
- Observacións en clase.
- Actividades de: comprensión e creación de textos, localización de espazos xeográficos, elaboración ou identificación de distintos tipos de imaxes, mapas,....; elaboración de eixes cronolóxicos e ordenación cronolóxica de feitos históricos, busca de información en internet,
- Definición axeitada de distintos termos xeográficos, históricos ou artísticos.
- Probas e traballos escritos.
- Traballos escritos.
- Tralallo en equipo.
- Exposicións orais.

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias clave é moi salientable. No primeiro curso da ESO, a través da materia desenvólvense a maioría das competencias. As competencias sociais e cívicas son as que teñen un maior desenvolvemento neste primeiro curso, xunto a de aprender a aprender, que tamén acadan unha notable relevancia.

O importante peso da Xeografía física maniféstase na súa contribución ao desenvolvemento da competencia dixital, ausente no bloque de Historia, e á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía presente en menor medida no bloque de Historia. A competencia de conciencia e expresións culturais está presente pola relación que o estudio da evolución do pensamento e da cultura ten na historia. Por suposto, a competencia de comunicación lingüística está presente nos dous bloques. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

- TEMPORALIZACIÓN.

Propónse unha temporalización flexible que permita introducir elementos de reforzo ou ampliación en función dos intereses e necesidades do alumnado.

Unidade Didáctica	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
-------------------	----------	---------------------------	-----------------

1. A TERRA E A SÚA REPRESENTACIÓN	B1.1. A Terra: a Terra no Sistema Solar.	XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.	Avaliación: 1ª Número de sesións aproximadas: 6
		XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.	
	B1.2. Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica.	XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters.	
	B1.3. Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos	XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.	
	B1.4. Localización. Latitude e lonxitude.	XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.	
XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.			
2. O RELEVO TERRESTRE	B1.5. Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta.	XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.	Avaliación: 1ª Número de sesións aproximadas: 6

	B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.	XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.	
		XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.	
3. AS AUGAS	B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.	XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.	Avaliación: 1ª Número de sesións aproximadas: 6
4. A ATMOSFERA: O TEMPO E O CLIMA	B1.5. Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta.	XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.	Avaliación: 1ª Número de sesións aproximadas: 6

	B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.	XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.	
		XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.	
5. AS PAISAXES DA TERRA	B1.9. Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo.	XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.	Avaliación: 1ª Número de sesións aproximadas: 6
		XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.	
	B1.10. Diversidade de espazos naturais europeos.	XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.	
6. O MEDIO FÍSICO: OS CONTINENTES, ESPAÑA E GALICIA	B1.5. Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta.	XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.	Avaliación: 1ª Número de sesións aproximadas: 6

	B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.	XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.	
	B1.7. Medio natural europeo: principais trazos.	XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.	
	B1.8. Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo.	XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo	
7. AS PERSOAS E O MEDIO NATURAL	B1.11. Medio natural: áreas e problemas ambientais.	B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	Avaliación: 2ª Número de sesións aproximadas: 8
8. A PREHISTORIA	B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	Avaliación: 2ª Número de sesións aproximadas: 9
	B3.2. Fontes históricas.	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	
		XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.	
B3.3. Cambio e continuidade.	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.		

	B3.4. Tempo histórico.	XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	
	B3.5. Vocabulario histórico e artístico	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	
	B3.6. Evolución das especies e a hominización.	XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.	
	B3.7. Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga.	XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.	
	B3.8. Prehistoria e Idade Antiga: visión global.	XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	
	B3.9.1. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores.	XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.	
	B3.9.2. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social. B3.9.3. Prehistoria galega: megalitos e petróglifos.	XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.	
	B3.10. Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura.	XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".	
9. AS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS: MESOPOTAMIA E EXITO	B3.11. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política.	XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.	Avaliación: 2ª Número de sesións aproximadas: 10

	B3.12. Idade Antiga: invención da escritura.	XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).	
	B3.13. Idade Antiga: historia de Exipto.	XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.	
		XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.	
	B3.14. Idade Antiga: relixión exipcia.	XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.	
		XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.	
	B3.15. Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto.	XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.	
10. A CIVILIZACIÓN GREGA	B3.16. Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión.	XHB3.2.3.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre	Avaliación: 3ª Número de sesións aproximadas: 10
		XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos	
		XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.	
	B3.17. Mundo clásico. Grecia: expansión comercial e política das polis gregas.	XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.	
	B3.18. Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo.	XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre.	
		XHB3.18.2. Contrasta as accións políticas de Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.	
	B3.19. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía.	XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.	

		XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.	
11. A CIVILIZACIÓN ROMANA	B3.20. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo.	XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma.	<input type="checkbox"/> Avaliación: 3ª <input type="checkbox"/> Número de sesións aproximadas: 9
		XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.	
	B3.21. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.	XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.	
12. OS POBOS PRERROMANOS E A HISPANIA ROMANA. O CASO DE GALLAECIA	B3.22. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo.	XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana.	Avaliación: 3ª Número de sesións aproximadas: 9
		XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.	
		XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	

A secuenciación dos contidos por trimestre ao longo do curso responde a unha previsión, pero é sempre flexible para axustarse aos ritmos de aprendizaxe e curiosidade do alumnado que a poidan alterar. Isto obrigaría a ir replantexando esta secuenciación ao longo do ano académico.

-GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES PARA SUPERAR A MATERIA.

Os seguintes estándares de aprendizaxe son considerados os básicos polo que é necesario que os alumnos acaden un grao de consecución do 100% para superar a materia:

XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do

XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.

XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.
XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.
XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.
XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.
XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.
XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa
XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes sexan estas restos materiais ou textuais.
XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.
XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.
XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en
XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.
XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).
XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.
XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.
XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.
XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.

XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes
XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.
g,l	B3.13. Os conflitos europeos nos séculos XVI e XVII a través das políticas dos Austrias: reforma, contrarreforma e guerras de relixión; loita pola hexemonía e guerra dos Trinta Anos.	- Interpretación de textos históricos. - Análise de mapas históricos. - Comparación de mapas. - Análise das consecuencias dun feito histórico. - Interpretación de liñas do tempo.

-4º ESO Actividades de aprendizaxe.

Bloque	Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe
--------	------------	----------	----------------------------

Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789	a, c, d, g, h, l, ñ	B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia.	Lectura de noticias de prensa sobre a democracia Explicacións da profesora Liña de tempo
	f, h, l, n, ñ	B1.2. Ilustración.	Comentario de texto (monarquía absoluta, ilustración) Comentario de mapas Análise de gravados franceses sobre a sociedade estamental (muller) Elaboración dun glosario do tema Esquema- resumo
Bloque 2. A era das revolucións liberais	a, c, d, g, h, l	B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo, nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias	Lectura de noticias de prensa sobre movementos nacionalistas Explicacións da profesora Liña de tempo (revolucións burguesas) Comentario de mapas : Europa 1812, 1815, 1848, 1870, Comparar ca Europa actual Comentario de mapas: unificación de Alemaña e de Italia Vídeo sobre Revolución Francesa
	a, c, d, g, h, l, ñ	B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas.	Comentario de textos: Declaración de dereitos do home e do cidadán/declaración de dereitos da muller e da cidadá Comentario de textos sobre os movementos nacionalistas Elaboración dun glosario do tema Esquema - resumo
Bloque 3. A Revolución Industrial	f, g, h, l	B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible.	Lectura de noticias de prensa sobre conflictividade laboral Explicacións da profesora
	g, h, l	B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa.	Liña de tempo: Comuna de París, Revolución bolxevique, bloque soviético, caída do muro de Berlín, desaparición da URSS)
	a, c, d, h, l, m	B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización).	Comentario do vídeo sobre Revolución Industrial Análise de gravados e pinturas do XIX sobre obradoiros e fábricas Realización dun esquemasobre as clases sociais Cadro sinóptico sobre as ideoloxías anticapitalistas Visionado e análise de documentais Elaboración dun glosario do tema Esquema-resumo.

Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial	g, h, l	B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto.	Lectura de textos sobre III Revolución industrial Explicacións da profesora Liñas de tempo: imperialismo e descolonización Comentario de mapas: conferencia de Berlín, reparto de Asia, África. Comparar co mapa mundial actual Análise de gravados da época: a carga do home branco, reparto de África Visionado de documentais. Elaboración dun glosario
	g, l	B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e	Esquema resumo
	g, h, l	B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial.	
	a, c, d, g, h, l	B4.4. Revolución Rusa.	Explicacións da profesora Liña de tempo: Comuna de París, Revolución bolxevique, bloque soviético, caída do muro de Berlín, desaparición da URSS) Realización dun esquema sobre as clases sociais Cadro sinóptico sobre as ideoloxías anticapitalistas Visionado e análise de documentais Elaboración dun glosario Esquema-resumo
Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945)	g, h, l	B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión	Noticias de prensa sobre a crise económica. Visionado de documental sobre Crack. Explicación profesora Liña de tempo Elaboración dun glosario Esquema-resumo
	a, c, d, h, l	B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán.	Noticias de prensa sobre racismo Explicación profesora Liña de tempo Visionado de documentais Elaboración dun glosario Esquema-resumo

	a, c, d, g, h, l	B5.3. II República española e a Guerra Civil.	Textos. Liña de tempo Explicación profesora Elaboración dun glosario Esquema resumo
Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)	g, l	B6.1. Orixes da II Guerra Mundial.	Liña de tempo Cadro comparativo de mapas de Europa en 1942 e mapa actual Explicación profesora Elaboración dun glosario Esquema-resumo.
	g, h, l	B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias	
	a, d, l	B6.3. O Holocausto.	
	g, h, l	B6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica.	
	a, d, g, h, l	B6.5. Procesos de descolonización en Asia e África.	
Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético	a, d, g, h, l	B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista. O "Welfare State".	Cadro comparative bloques. Explicacións clase. Visionado e comentario documentais. Elaboración dun glosario
	f, g, h, l, m	B7.2. Crise do petróleo (1973).	Lectura e comentario de textos.
	a, c, d, g, h, l, ñ	B7.3. Ditadura de Franco en España.	Noticias de prensa Explicación da profesora Liña de tempo Visionado de fragmentos de documentais
Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI	a, d, g, l	B8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo.	Elaboración dun cadro sinoptico.
	a, d, g, h, l	B8.2. Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias.	Elaboración esquema-resumo
	a, c, d, g, h, l, ñ	B8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975- 1982).	Elaboración da liña do tempo Lectura e comentario textos Esquema-resumo
Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e	e, g, h, l	B9.1. A globalización económica: concepto e características.	Elaboración cadro sinóptico
	e, f, g, h, l	B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización.	Esquema-resumo

a globalización a finais do século XX e principio do XXI	e, g, h, l, m, ñ	B9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito.	Explicacións da profesora, comentario en gran grupo sobre textos
Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través	g, h, l, ñ	B10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía.	Explicacións da profesora Comentario de noticias Análise de mapas que recollen fenómenos analizados diacrónicamente
	f, l, ñ	B10.2. Cambio e continuidade.	Elaboración de liñas de tempo que recollan a análise diacrónica de determinados fenómenos
	f, l, ñ	B10.3. Tempo histórico.	
da historia e a xeografía	h, l, ñ	B10.4. Vocabulario histórico e <i>artístico</i> : Idade Contemporánea.	Comparación de mapas do presente con outros momentos históricos anteriores

8. AVALIACIÓN

8.1 Deseño da AVALIACIÓN INICIAL e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

O obxectivo desta proba é proporcionar a información sobre o grao de coñecemento dos contidos curriculares dos alumnos e alumnas, así como coñecer o grao de desenvolvemento de determinadas competencias fundamentalmente a de comunicación lingüística, a de aprender a aprender e, en menor medida, a competencia social e cívica.

A avaliación inicial tamén permite coñecer o progreso e evolución destas destrezas ó longo do proceso de ensino-aprendizaxe. Deste xeito, poderemos establecer o punto de partido conceptual do alumnado e a súa evolución en aspectos específicos das técnicas antes mencionadas (emprego de vocabulario xeográfico e histórico con precisión, identificación de ideas principais, análise e enfoque xeográfico dos fenómenos comentados...).

Para lograr tal obxectivo, deseñárase un **control de preguntas curtas** sobre contidos que se espera que o alumnado coñeza. Será calificado de 0 a 10 e os resultados obtidos quedarán recollidos no caderno do docente e cuantificados para permitir medir a evolución do grupo e comparar a de cada alumno ó longo do proceso. En función destes resultados, o docente e o departamento replantexarán a programación didáctica en torno a dous aspectos esenciais: temporalización e concrecións metodolóxicas.

8.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

8.2.1 XEOGRAFÍA E HISTORIA

A cualificación de cada trimestre organizarase en dous apartados, cun peso distinto, sobre a nota global da avaliación. É o seguinte:

Concepto	Valoración.
Media aritmética das probas escritas (exames)	80%
Actividades e tarefas recollidas no caderno de clase	20%*

En cada periodo de avaliación realizarase **unha proba ao finalizar cada unidade didáctica**. Este punto é flexible, xa que de existir unidades moi curtas e/ou especialmente sinxelas, poderanse unir á unidade seguinte, realizando así unha proba sobre dúas ou máis unidades. Os alumnos e alumnas estudarán a maior parte do temario polo citado libro de texto en 2º ESO, aínda que a docente pode entregar material extra se o considera oportuno. En 1ºESO, recordamos o inicio de *edixgal* no presente curso. Nos cursos de 3º e 4º ESO, os estudantes estudarán por apuntes e material elaborado pola docente e entregado aos alumnos/as ao comezo de cada unidade didáctica. Tamén se poderán efectuar probas específicas de xeografía descriptiva ou outros aspectos do currículo, para abordar, máis polo miúdo, estoutas cuestións. As probas serán escritas.

Contémplase a posibilidade de incluír **un libro de lectura** no curso.

* No **primeiro curso da ESO (1ºESO)**, contémplase que o exame conte un 90% da nota final e as actividades de libreta un 10%. Contarán un 20% se a docente decide nese trimestre a realización dun traballo ou proxecto de envergadura.

8.3 CRITERIOS PARA DETERMINAR A CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA E EXTRAORDINARIA E MATERIAS PENDENTES.

○ AVALIACIÓN ORDINARIA.

As cualificacións de cada avaliación serán consignadas na acta e boletín correspondentes, de conformidade co establecido na normativa vixente.

A nota global do curso será o resultado da media aritmética das tres avaliacións. Non obstante, para superar a materia na convocatoria ordinaria, é **imprescindible ter aprobados todos os trimestres**. Se o alumno/a, chegada dita convocatoria, ten un ou varios trimestres suspensos, deberá realizar **un exame de recuperación do trimestre ou trimestres suspensos**. Para dar por superada a proba de recuperación, o estudante deberá acadar un mínimo de **5 puntos sobre 10**. É dicir, de existir un trimestre suspenso e **non recuperado**, a materia quedará **suspensa na avaliación ordinaria**. As probas de recuperación realizaranse todas, sen excepción, no último mes do curso.

Os **redondeos** de nota realizaranse sempre cando o decimal sexa '5 ou superior a '5. Non obstante, estudarase cada caso individualmente e establécense as seguintes normas:

- Se na media do trimestre, o alumno/a acada unha nota decimal '5, só se redondeará á puntuación numérica seguinte se o estudante en cuestión **non ten ningún exame suspenso no trimestre**. De ser así, quedarase coa nota correspondente, sen redondeo.
- En idéntico caso (alumno cunha media '5), se o estudante ten acumulado **un ou máis dun negativo**, non redondeará á puntuación numérica seguinte, quedándose coa nota correspondente, sen redondeo.

En **todos os cursos da ESO** para as materias do Departamento de Xeografía e Historia compártense unha serie de consideracións sobre a avaliación a ter en conta:

- Mediante a observación e anotación no caderno do docente, deixarase constancia da realización do traballo diario, tanto na casa como na aula (disposición e responsabilidade).
- Así mesmo, tamén se rexistrarán as intervencións e participación do alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe na aula, xunto coa súa boa ou mala actitude a nivel de grupo (respecto dos compañeiros/as, dos docentes, das quendas de voz, da contribución ao silencio, do material de aula, xa sexa propio ou do centro, etc.).

- Rexistraranse a falta de deberes e/ou os comportamentos disruptivos que impidan o correcto discorrer das explicacións. Isto farase en forma de **negativos**, que restarán **0,25 puntos cada un á nota final do trimestre**, restando un máximo de **2 puntos** e puidendo, polo tanto, **provocar o suspenso na materia ese trimestre**.

○ **CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA.**

Os alumnos que non superen a materia na avaliación ordinaria realizarán, como novidade neste curso escolar, unha proba de avaliación extraordinaria no mes de xuño, concretamente nos días 20, 21 e 22 de dito mes. A proba será escrita e basearase nos mínimos esixibles de xeito que o alumnado deberá elaborar actividades de carácter teórico e práctico, tendo de referencia aquelas practicadas ao longo de todo o curso. O aprobado nesta proba significará a superación da materia, aínda que será precisa unha coherencia mínima nas resposta. Para ser avaliado positivamente haberá que acadar, como mínimo, **5 puntos**, é dicir, considerárase superada a materia cando se obteña unha puntuación **igual ou superior a 5 puntos**.

○ **MATERIA PENDENTE.**

A área de Ciencias Sociais presenta unhas características peculiares, polo que non podemos considerar aprobada a materia dun curso se o alumno aprobara a do curso posterior. Ao non ser esta unha materia progresiva, xa que está integrada por contidos diversos (Xeografía, Historia, Arte), ter a materia aprobada nun curso non presupón telo nos anteriores, nin que o alumno supere automaticamente a materia pendente.

Os alumnos coa materia pendente serán titorizados pola profesora que lles imparte clase no curso vixente. Esta entregará boletíns de exercicios de práctica e reforzo, solucionará dúbidas e guiará no proceso de estudo. Para superar a materia pendente, o/a estudante ten dúas posibilidades:a

- a) Entrega e realización de boletíns de exercicios dados pola docente ao longo do curso. Se o alumno/a entrega ditas tarefas e estas acadan un mínimo de 5 sobre 10, darase por superada a materia e o estudante non terá que realizar a proba escrita do mes de maio.
- b) Se o estudante non realizar nin entrega ditas tarefas, realizará a correspondente **proba escrita no mes de maio**, na data que o centro estime oportuna. O 100% da superación da materia pendente, neste caso, queda suxeita a dito exame, para o cal será imprescindible acadar un mínimo de **5 puntos sobre 10**.

8.4 AVALIACIÓN EN CASO DE CONFINAMIENTO.

Debido á situación de pandemia que estamos a atravesar, existe a posibilidade de que se produza, ao longo do curso, o confinamento nacional, comunitario, do centro, da aula ou dalgún alumno en concreto que se contaxiara da COVID-19 ou tivera que gardar cuarentena por contacto cun positivo. Para estes casos, o **alumno/a será atendido telemáticamente** seguindo varias vías, segundo o caso o precise: teléfono, correo electrónico e/ou aula virtual. Estudarase cada caso individualmente para dar coa mellor forma de manter o contacto co estudante ou a clase aillada.

- **Caso de confinamento dun alumno/a:**

- Envío por correo electrónico ou a través de aula virtual de tódolos apuntamentos dados durante as sesións que o alumno/a faltou a clase. Ditos apuntamentos serán enviados semanalmente, nos días estipulados para a materia.
- Envío das actividades ou tarefas que os compañeiros/as presentes na aula realizaron *in situ* para que o estudante poida seguir o ritmo e realízalos na casa.
- En caso de coincidir algún exame no período de confinamento do alumno/a, este será realizado cando o estudante se reincorpore ás aulas. Se a proba coincidira con final de trimestre e non puidera ser posible esperar á volta do alumno/a, seralle realizada unha **proba oral** a través da aplicación de comunicación a distancia pactada co alumno (Cisco Webex, preferiblemente).
- As porcentaxes de traballos e exames non varían, polo tanto, das establecidas nesta programación en apartados anteriores.

- **Caso de confinamento do centro, dunha ou varias aulas:**

- O alumnado mantería contacto nos días establecidos para a materia a través, preferiblemente, da aplicación Cisco Webex, para así continuar impartindo a materia tentando retrasar o mínimo posible a aprendizaxe do alumnado. A asistencia ás clases virtuais é obrigatoria e non aparecer, sen causa xustificada, implicará falta de asistencia.
- Contémplase o envío de tarefas e actividades semanalmente e a realización dun traballo trimestral.
- Así mesmo, non se contempla a realización de exames escritos no caso de ensino virtual, ó considerarse imposible vixiar a honestidade do alumno/a na elaboración de dita proba. Si se contempla, en cambio, a elaboración de probas orais de maneira individual ou en pequeno grupo. As porcentaxes para tódolos grupos e materias quedarían como segue:
 - 70%: tarefas e actividades mandadas pola profesora.

- 30%: proba oral.

- Para aprobar a materia, o alumno/a debe ter entregadas tódalas tarefas e actividades e ter acadado nelas un mínimo de 5 puntos sobre 10. A nota sairá da media aritmética das tarefas (70%) e do exame oral (30%).

9. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.

A **Educación en Valores** debe estar presente en toda acción educativa, pois a súa incorporación ao proceso educativo redundará na calidade e na amplitude da formación adquirida polo alumnado. A materia de Xeografía e Historia cumpre un papel básico de punto de encontro de contidos e de valores diversos, os cales se traballarán de dous xeitos diferentes. Por un lado, de maneira ininterrompida, en cada clase, a través do respecto da quenda de palabra e da opinión dos demais, de tal xeito que se manifeste convivencia, respecto, diálogo entre posicións diversas, boa expresión –oral e corporal– e bos modais. Por outro, os seguintes valores traballaranse de modo particular nas clases consagradas a UDD específicas:

-Educación para a tolerancia e para a convivencia. Nun mundo globalizado e con grandes movementos de poboación, o respecto aos demais é fundamental para a convivencia nunha sociedade plural. incidirase nestes aspectos a escala continental e española. Asimesmo, poderase traballar no mesmo aspecto, sobre o eixe temporal das distintas culturas.

-Educación para Europa, a través do problemas das Migracións e os Refuxiados nas que se mostrará a heteroxeneidade de culturas que poboaron o noso continente. Enlaza ca Educación para os dereitos humanos e a paz.

-Educación para a paz e para os dereitos humanos. Malia ser transversal a todas as UDD, insistirase especialmente nela

-Educación para a igualdade entre xéneros, mostrando as causas da situación actual e a necesidade de loitar por unha sociedade igualitaria.

-Educación para o respecto polo medio ambiente. Ao longo de todo o currículo da materia outórgaselle unha grande importancia á relación entre o ser humano e a natureza. De xeito particular, farase fincapé nos recursos naturais da Terra e na súa relación directa co ser humano e as necesidades das sociedades modernas. Traballaremos Cambio Climático.

-Educación para a saúde, explicando que factores naturais, como a climatoloxía ou a latitude, determinan dalgún xeito a calidade de vida das persoas. As sete primeiras UDD en 1º ESO serán propicias para tratar estes contidos.

-Educación para o consumo e para as novas tecnoloxías, fundamental ante o deterioro constant edo medio ambiente e a escaseza dos recursos naturais. Tema a tratarase a través da Publicidade e Consumo

-Educación en emprendemento e desenvolvemento persoal, recorrendo para isto á exemplaridade de acontecementos e personaxes históricas.

Reflexionando sobre a importancia das Novas Tecnoloxías na sociedade actual, valoramos o seu avance continuo e a súa utilidade para realizar múltiples tarefas.

A **CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS** para a adquisición de habilidades onde se desenvolverán:

- Traballo cos ordenadores asumindo o feito de que para aproveitar un ordenador non son necesarios grandes coñecementos informáticos.

- Utilización de programas informáticos (procesamento de textos, tratamento da imaxe...) cunha utilidade informativa, didáctica e comunicativa.

- Busca e selección de información a través de Internet para cumprimentar información, busca de datos, realización de traballos, etc

- Comunicación interpersonal e traballo colaborativo.

- Aprendizaxe coas TICs dende aula a través de presentacións en Powe Point, visionado de documentais na pantalla dixital.....

O manexo destas fontes de información e produción de traballos por parte do alumnado tamén contempla o uso das TICs. Algúns recursos serán certas aplicacións tales como Powerpoint para elaborar presentacións ou mostrar unha relación de conceptos explicados rapidamente ao gran grupo; Google Earth ou Maps, para a localización de lugares, visitas virtuais a enclaves arqueolóxicos e análise do relevo da Terra; mapas flash interactivos para traballar a xeografía descriptiva; Google Drive para o desenvolvemento de traballo colaborativo; ou Padlet ou Glogster como muros dixitais.

Ademáis, dende a nosa materia contribuiremos ao **plan de convivencia do centro**, no que se procurarán coidar as competencias cívicas e o comportamento do alumnado, para favorecer a integración e convivencia no centro e previr o acoso escolar.

Mención especial merece o plan de fomento da lecto-escritura e a contribución ao **Proxecto Lector do Centro**.

A lectura, a escritura e a corrección ortográfica son elementos de importancia capital para a formación integral do alumnado, que ademais estarán presentes nos criterios de avaliación e, por conseguinte, na cualificación do alumnado.

O profesorado realizará un seguimento da expresión oral e escrita do alumnado. Para isto analizarase a capacidade de construír frases coherentes, elaborar temas e definir conceptos nas distintas actividades realizadas; así como a capacidade do alumnado para levar a cabo unha lectura comprensiva dos contidos do libro e doutros documentos propostos polo profesor ou profesora.

A tal fin, incorporaranse tarefas de lectura e de escritura ao currículo da materia de Xeografía e Historia de 1º de ESO. Por exemplo, a través de **lecturas e análises de textos**, que redunden nunha mellor corrección ortográfica e comunicativa. Para dita tarefa proporanse fragmentos, columnas ou seccións da prensa diaria ou extractos de textos literarios e históricos relacionados cos contidos curriculares.

O Plan de lecto-escritura deseñado no noso centro perseguirá dous obxectivos claros: conseguir que o alumnado integre a lectura entre os seus hábitos cotiás e favorecer o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística. Para elo establécese no noso centro Hora de Ler, lectura obligatoria na aula. Para esta lectura, a docente recomenda as seguintes obras:

Caride, R. (2011), *Ameanza na Antártida*.

Verne, J. (2008), *A volta ao mundo en 80 días*.

Heathcote, S. (2015), *Sufragista* (cómic).

Fernández Paz, A. (2013), *As flores radioactivas*.

Delies, M. (1996), *Un mundo que agoniza*.

Auel, J. M. (2012), *O clan do oso das cavernas*.

Joan Alberich (2010), *La Odisea*.

-D'Adamo, Francesco (2003): *La historia de Iqbal*, Madrid, Ediciones SM (traballo infantil).

-Korn, Wolfrang: *La vuelta al mundo de un forro polar rojo: pequeña historia de la globalización*, Madrid, Siruela.

- López Narváez, Concha: *La tierra del sol y la luna* (relacións entre árabes e cristiáns en Al-Andalus)

-López Narváez, Concha (2001): *Endrina e o segredo do peregrino*, Vigo, Galaxia.

- Marjane Satrapi (2007), *Persépolis*.

- Jacques Tardi: *La guerra de las trincheras*
- Gorki, Maksim: *La madre.*

10.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tanto a avaliación inicial como a avaliación continua permiten detectar as diferentes medidas de atención á diversidade que poden ser necesarias, para o alumnado que necesite reforzo ou adaptación curricular e para o alumnado con altas capacidades intelectuais. Para iso, partimos das indicacións ofrecidas polo Departamento de Orientación do centro.

Poderemos aplicar, en xeral, as seguintes medidas e respostas educativas:

- **Alumnado con TDAH:** Terase en conta o establecido no punto 8.1. Anexo 1 apartado 8.1.2 de Prevención e intervención dentro da aula do “Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario”.
<http://www.edu.xunta.es/portal/node/13546>
- **Alumnado con problemas de lecto-escritura:** traballaremos a exactitude lectora e ortografía básica, a velocidade lectora, a segmentación e a comprensión lectora e composición escrita ca axuda do Departamento de Orientación.
- **Alumnado de altas capacidades:** proporanse actividades adaptadas ao curriculum da materia cun maior grao de complexidade e fondura, sempre partindo dos coñecementos previos sobre o asunto a tratar e que serán detectados a través de entrevista ou actividades específicas co propio alumno.
- **Alumnado con desfase curricular por proceder do estranxeiro:** contarán con apoios fora da aula cun PT e coa propia profesora.

As pautas xerais para a resposta educativa organizadas dende o departamento de Orientación do noso CPI son as que se recollen na seguinte táboa:

NEAE (necesidade específica de apoio educativo)	Resposta educativa
TDAH: _____alumnos/as da ESO	-Terase en conta o establecido no punto 8.1. Anexo 1 apartado 8.1.2 de Prevención e intervención dentro da aula do “Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario” http://www.edu.xunta.es/portal/node/13546 -Orientacións da Asociación: http://www.acnhsantiago.org/ -Apoios e reforzos educativos.

<p>a)Desfase curricular por proceder do estranxeiro: _____ alumnos/as</p> <p>b)Desfase curricular por outros motivos: ___3___ alumnos/as</p>	<p>-Apoios dentro/fóra da aula co PT -Apoios fóra da aula profesor/a -RE na aula co propio profesor/a. -Adaptacións curriculares. -Grupos de adaptación da competencia curricular -Plan individualizado de seguimento de pendentes. -Plan de acollida do IES</p>
<p>Problemas de comunicación (alumnado estranxeiro): _____ alumnos/as</p>	<p>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146</p> <p>-Apoios fóra e dentro da aula co PT e/ou co profesor/a de aula -Grupos de adquisición de linguas e de adaptación da competencia curricular.</p>
<p>Alumnado con problemas de lecto – escritura: _____ alumnos/as</p>	<p>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/409</p> <p>-“Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos da aprendizaxe”: http://www.edu.xunta.es/portal/node/3656 -Orientacións da Asociación: http://www.agadix.es/</p> <p>-Traballar na medida do posible: Exactitude lectora e ortografía básica. Velocidade lectora. Segmentación. Comprensión lectora e composición escrita, ...</p> <p>-Apoio RE do PT e/ou profesor/a da aula</p>
<p>T. Asperger: _____ alumnos/as</p>	<p>-“Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento” http://www.edu.xunta.es/portal/node/3655</p>
	<p>-“Trastornos xeneralizados do desenvolvemento” http://www.edu.xunta.es/portal/node/3703</p> <p>-Orientacións de ASPERGA: http://www.asperga.org/</p>
<p>Altas Capacidades: _____ alumno/a</p>	<p>-“Alumnado con altas capacidades intelectuais” http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/144</p> <p>-“Sobredotación intelectual” http://www.edu.xunta.es/portal/node/3700</p> <p>-“Orientacións e respostas educativas: Alumnado con sobredotación intelectual” http://www.edu.xunta.es/portal/node/3630</p>
<p>Retraso Mental Leve: _____ --alumno/a</p>	<p>-“Orientacións e respostas educativas: Alumnado con discapacidade intelectual” http://www.edu.xunta.es/portal/node/3644</p>

Alumnado etnia xitana	<p>-Programas e plans: http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/412</p> <p>-Convenio de colaboración entre o IES do Milladoiro e o Secretariado Xitano (Programa Promociona) https://www.gitanos.org/galicia/santiago_de_compostela/ http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3791</p>
------------------------------	---

Outros protocolos da Xunta a ter en conta:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Protocolo de identidade de xénero.
- Protocolo de Protección de datos.
- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo de Atención educativa domiciliaria. / Protocolo de Urxencias Sanitarias.

11. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E A ACTIVIDADE DOCENTE. RÚBRICAS E PROPOSTAS DE MELLORA.

O departamento de Xeografía e Historia do CPI P. Antonio Orza Couto realizará un seguemento do proceso de ensino-aprendizaxe e a Programación Didáctica a través da rúbricas que se achegan a continuación.

Cando menos con carácter trimestral, e en función da valoración dos resultados obtidos nestes instrumentos e os resultados académicos obtidos, proporánse medidas de flexibilización, revisión ou corrección da programación.

Os criterios utilizados polo Departamento de Xeografía e Historia para avaliar a programación son os seguintes:

- ✓ A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- ✓ A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Analizaranse tres aspectos para avaliar a práctica docente:

1. **A preparación** de dita práctica por medio da programación didáctica e as actividades de modo individual, coordinado ou cooperativo co resto do profesorado.

	INDICADOR	VALORACIÓN	OBSERVACIÓN E PROPOSTA DE MELLORAS
1	Realizo a programación da miña actividade docente tendo en conta o DCB e a programación didáctica da materia, facendo uso habitualmente de ambos os dous.		
2	Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente as habilidades que os meus alumnos y alumnas deben		

	acadar como reflexo e manifestación da intervención educativa.		
3	Selecciono e secuencio os contido, procedimentos e actitudes da programación cunha distribución e progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnos.		
4	Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos en función dos contidos e as características do alumnado.		
5	Planifico as sesión dun xeito flexible, preparando actividades e recursos propios axustados ao DCB, a programación didáctica e ás necesidades e intereses do alumnado.		
6	Establezo, de modo explícito, os criterios, procedimentos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que		

	permiten facer o seguimento do progreso dos alumnado e comprobar o grao acadado de aprendizaxe.		
7	Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (proxectos multidisciplinares, profesores de seccións bilingües, profesores de apoio)		

2. **A realización:** Para analizar a realización da práctica docente, crearase unha rúbrica onde os indicadores analizarán:
- A motivación inicial despertada no alumnado con cada unidade.
 - A motivación ao longo do todo o proceso de aprendizaxe.
 - A presentación dos contidos (relación contidos-actividades entre sí e cos intereses do alumnado, estrutura e organización,
 - Actividades na aula (axeitadas ao alumnado, de diagnóstico, introducción, práctica, consolidación, extensión, reforzo, equilibradas entre individuais e grupais...)
 - Recursos e organización da aula (distribución do tempo, agrupamentos e clima de traballo, recursos didácticos.
 - Instruccións, aclaracións e orientacións ás tarefas do alumnado (facilitar estratexias de aprendizaxe, control dos traballos, retroalimentación).
 - Clima da aula (respeto, convivencia, inclusión)
 - Seguimento do proceso ensino-aprendizaxe (revisión frecuente de tarefas con comentarios personalizados, procesos

de autoavaliación e coavaliación, actividades extras que favorezan a adquisición dos contidos)

- Diversidade (ritmos e capacidades).

A mesma rúbrica adaptada será entregada ao alumnado cada trimestre.

3. **A avaliación:** adecuación de procesos, instrumentos, criterios e tipos de avaliación, técnicas e estratexias en función do alumnado, información ás familias.

✓ Cando se considere que a programación é mellorable nalgún destes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse nas actas de departamento e na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

Modelo de táboa de avaliación do proceso de ensinanza.

Esta enquisa é **ANÓNIMA**. Se non queres cubrila non o fagas. No caso de que respondas ás cuestións, o único que se pide é que o fagas co maior rigor posible. No caso de que as preguntas propostas sexan insuficientes para dar a túa opinión utiliza o apartado de Observacións.

1. Nunca; 2. Moi poucas veces; 3. Ás veces; 4. Frecuentemente; 5. Moi frecuentemente; 6. Sempre

O/A profesor/a	Puntuación					
	1	2	3	4	5	6
Fomenta o interese do alumnado polo tema tratado.						
Estimúlanos cando melloramos o noso rendimento.						
Dá explicacións en clase fáciles de comprender.						
Mostra dominio da materia que imparte.						
Promove o pensamento crítico e reflexivo.						
Mostra unha actitude aberta ao diálogo co alumnado.						
Inicia e remata as súas clases puntualmente.						

Axuda ao alumno na procura da autoaprendizaxe.									
Atende consultas fóra do horario de clase.									
Motiva a ter unha actitude activa cara á materia.									
Aclara o que non se entende en clase.									
Impulsa o traballo en equipo.									
Suxire actividades interesantes.									
Mantén a atención dos alumnos nas clases.									
Estimula a participación en clase.									
Dá instrucións claras cando asigna unha tarefa.									
Nota global do 1 ao 10:									

Avalía o interese dos documentais utilizados na clase:

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

Avalía o interese dos textos utilizados na clase:

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

Avalía o interese das presentacións utilizados na clase:

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

Modelo de táboa de avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe por parte do profesorado.

1. Moi baixa 2. Baixa 3. Regular 4. Alta 5. Moi alta

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PUNTUACIÓN				
	1	2	3	4	5
- Consecución dos obxectivos propostos.					
- Desenvolvemento de todos os contidos conceptuais.					
- Traballo con todos os procedementos propostos.					
- Integración dos contidos actitudinais.					
- Organización da aula.					
- Realización de actividades heteroxéneas.					
- Fomento do traballo en grupo.					
- Fomento de tarefas de introdución á investigación xeográfica e histórica.					
- Uso de estratexias para manexar dificultades e conflitos.					
- Utilización de recursos materiais.					
- Uso e fomento das TIC.					
- Comunicación co alumnado e as súas familias.					
- Control nas actividades extraescolares.					
- Traballo da Educación en valores.					
- Atención á diversidade.					
- Organización didáctica xeral.					

Modelo de táboa de avaliación da programación didáctica

1. Inexistente; 2, Desenvolvemento deficiente; 3, Desenvolvemento aceptable; 4, Desenvolvemento esperado e desexado.

	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, a partir do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
7. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
8. Adecuación do libro de texto.				
9. Adecuación da proba de avaliación inicial, incluídas as súas consecuencias.				
10. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.				
11. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha avaliación.				
12. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				

13. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE				
14. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
15. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
16. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
17. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
18. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

12. SAÍDAS E ACTIVIDADES EXTRA-ESCOLARES.

Debido á situación de incertidume que atravesamos por mor da pandemia de COVID-19, non se contemplan, en principio, saídas extra-escolares. Este punto poderá ser modificado na práctica se así o aconsellan as autoridades sanitarias e a propia situación protocolaria do centro.

13. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR, TICS E ACCIÓN TITORIAL.

- **Plan Lector.**

No desenvolvemento da materia ao longo do curso, ofreceráselle ao alumnado unha escolma de textos que teñan como telón de fondo o período histórico a estudar, especialmente en 4ºESO. Serán obxecto de lectura e de traballo a través de actividades relacionadas co programa. Así, plantéxase a posibilidade, se o calendario e a temporalización o permiten, de dúas obras nesta materia:

- *Si esto es un hombre*, Primo Levi (2ª av.)
- *Réquiem por un campesino español*, Ramón J. Sender (3ª av.).

Do mesmo xeito, faráselle unha recomendación de posibles lecturas a obter da biblioteca e para a “Hora de ler”, segundo o Plan Lector do Centro do noso Centro.

- **Contribución ás TICs.**

Ademais da xa comentada novidade de *edixgal*, procurárase utilizar a **aula de informática** para o acceso a páxinas web relacionadas cos contidos das materias, proxección de recursos audiovisuais e a exposición de presentacións dixitais na aula, sempre que sexa posible, así como introducións a **aplicacións informáticas** como “Power point”, liñas de tempo, Wordle (nubes de palabras), entre outras.

- **Plan de Acción Titorial.**

Colaboración coas actividades propostas polo Departamento de Orientación a través do Plan de Acción Titorial e en consonancia cos demais departamentos didácticos (obradoiros, proxectos, etc). Así mesmo, na clase de historia fanse comentarios sobre valores e sobre actitudes é un lugar adecuado para favorecer a convivencia escolar, promovendo un ambiente de respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar. A materia de historia permite a través dos contidos, as imaxes e os textos, e desde a propia acción educativa na aplicación da materia nas aulas, fomentar valores como a **igualdade** entre homes e mulleres, a **non-discriminación** por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a **resolución pacífica de conflitos**, a **defensa da liberdade**, a **igualdade**, os **dereitos humanos** e a **paz**.

